

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2022 pola que se autoriza o Plan de xestión coa arte de boliche entre os meses de xullo e outubro de 2022.

O artigo 117 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o uso do boliche só se permitirá logo da aprobación do oportuno plan de xestión entre os meses de xullo e outubro.

Con base no disposto no citado artigo,

RESOLVO:

Autorizar o plan de xestión coa arte de boliche en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo os seguintes termos e condicións.

1. Participantes. Unicamente participarán no plan as embarcacións que estean en posesión do permiso de explotación en vigor no cal lle figure recoñecido o dereito a faenar coa arte de boliche.

2. Arte. A arte que se utilizará será o boliche, nas condicións establecidas nos artigos 114 a 117 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Especies. A especie obxecto de captura será a lura e especies acompañantes, que deberán estar en época de extracción e superar o tamaño mínimo.

4. Época autorizada e horario. De acordo co disposto no artigo 116 do citado decreto, o período autorizado de uso da arte abrangue os meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2022. O horario será exclusivamente diúrno, do orto ao ocaso e de luns a venres.

5. Zona de pesca. A zona de pesca abranguerá as augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, entre o paralelo que pasa por Punta Carreiro (Monte Louro) e Cabo Silleiro, situadas por dentro das liñas de base definidas no Real decreto 2510/1977, do 5



de agosto, sobre trazado de liñas de base recta en desenvolvemento da Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión das augas xurisdicionais españolas a 12 millas, para os efectos de pesca.

6. Punto de control. Zonas de pesca, portos, centros de descarga, lonxas e centros de venda autorizados.

7. Control e seguimento da actividade pesqueira.

a) Despachos telemáticos. Deberán despachar as embarcacións na epígrafe de adhesión ao plan de explotación: «[BOLICHE (13A) PLAN BOLICHE 2022 (C.A. GALICIA)]». Polo tanto, as embarcacións que despachen a un plan de explotación só poderán faenar no mesmo día no ámbito do correspondente plan, e non poderán usar ningunha outra arte que teñan no seu permiso de explotación.

Por outra banda, advírtese que, ao rematar a vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasaría á situación de «pendente rexistro actividade».

b) Remisión de datos de capturas. Con periodicidade mensual a confraría deberá remitir datos diarios de extracción por especie, utilizando como modelo o que se xunta como anexo, ao Servizo de Pesca da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, vía correo electrónico ao enderezo serviciopesca@xunta.gal. A non inclusión de datos dalgunha das embarcacións no período estipulado terá como consecuencia a súa baixa definitiva do plan.

c) Mostraxes. Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

8. Extracción e comercialización. A presente resolución queda condicionada ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

9. Infraccións e sancións. O incumprimento das condicións establecidas neste plan poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.




Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

A conselleira do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022; DOG núm. 41, do 1 de marzo)
Antonio Basanta Fernández
Director xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

CVE-DOG: 96ice2d4-yzu2-c6u7-qop3-tvbau11drsy4





Declaración de capturas de embarcaciones

NOME DO PLAN:

ANO:

MES:

HORARIO:

[illegible]

(1) PARA CUBRIR ÚNICAMENTE NAQUELES PLANOS EN QUE SE EMPREGA ESTA ARTE.

(2) CANDO UNHA EMBARCACIÓN CAPTURE VARIAS ESPECIES NO MESMO MES DEBERÁ CUBRIRSE UN RECADRO POR CADA ESPECIE.